



| | |
|---------------------------------------|---------------------------------|
| CURSO: 2023-24 | DEPARTAMENTO: TECNOLOXÍA |
| MATERIA: PROXECTO COMPETENCIAL | |
| CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN | |

3ºESO

En cada avaliación:

- Exame oral: 20 % da nota
Se se fixeran varios exames por avaliación, tomarase a media de todos eles.
- Prácticas en grupo: 60 % da nota
Realiza as prácticas pedidas dentro da aula de informática.
Entrega as prácticas asignadas en tempo e forma.
Utiliza correctamente o equipamento informático cumprindo as normas establecidas.
- Exposicións orais: 20 % da nota
Participa nas exposicións orais.
Non se limita a leer e estrutura e encadea ben a información.
Utiliza correctamente o equipamento informático cumprindo as normas establecidas.

A nota resultante en cada avaliación redondearase da seguinte forma:

- A nota con 5 ou máis décimas será redondeada cara arriba sempre que o alumno amosara responsabilidade, cumprimento de tarefas, constancia e organización no seu traballo ao longo da avaliación.

- Se a nota ten menos de 5 décimas será redondeada cara abaixo.

En calquera caso, en todos os cursos de ESO só se considerará superada unha avaliación se se obtén ao menos un 5 despois de aplicar os criterios anteriores.

A cualificación da avaliación final será a media ponderada das notas das tres avaliacións parciais: $\text{nota} = 35\% (1^{\text{a}} \text{ Av}) + 35\% (2^{\text{a}} \text{ Av}) + 30\% (3^{\text{a}} \text{ Av})$. Para superar a materia será necesario acadar unha nota mínima dun 5.

Aclaracións sobre a realización das probas de avaliación:

- No caso de que un alumno estea enfermo o día dun exame, éste o fará na primeira clase da materia despois da súa incorporación o centro, coa salvedade de que, excepcionalmente, o profesor da materia considere unha data máis axeitada.



- Se durante a realización dunha proba de avaliación do tipo que sexa , se sorprende a un/ una estudante copiando unha determinada pregunta, anularaselle dita pregunta no examen e o profesor/a quedarase co papel ou folla pola que estaba a copiar. En caso de que o/a estudante non queira ensinar o papel onde ten feitas as anotacións e polas que estaba a copiar, retiraráselle o exame e o profesorado decidirá en qué momento e de qué forma ten que repetilo.
- Se durante a realización dunha proba de avaliación, se sorprende a un/unha estudante cun móbil, smartwatch ou similares o procedemento é similar ao anterior, se ensina o dispositivo e pódese garantir que pregunta estaba copiando, anularáselle a pregunta no exame. En caso de que se negue a ensinar o seu dispositivo electrónico co que se ten a certeza de que estaba a copiar retiraráselle o exame e o profesorado decidirá en qué momento e forma ten que repetilo.

Recuperación das avaliacións suspensas:

O alumnado que nunha avaliación non acade unha cualificación de 5 ou mais puntos disporá de tres medios para mellorar esa cualificación. Na primeira e segunda avaliacións, realizarase unha recuperación na primeira semana de clase tra-lo periodo non lectivo e disporán tamén dun prazo adicional, ata final de mes, para a entrega de traballos pendentes. Na terceira avaliación terán as últimas semanas do mes de xuño para entregar as tarefas pendentes e realizarase un exame final no que os alumnos con unha avaliación pendente se examinarán de esa avaliación e os alumnos con dúas ou as tres avaliacións pendentes se examinarán dos contidos de toda a materia. Neste último caso a nota final será a nota obtida na proba escrita, non tendo en conta as notas dos proxectos, traballos ou do caderno.